

## Descubriendo o Norte 2017-18

Trátase dun proxecto interdisciplinar que ten o seu eixo vertebrador no Deporte de Orientación.

Como obxectivos centrais do proxecto, destacamos os seguintes:

- Crear hábitos de vida saudable a partir dos ámbitos físico, formativo-cultural e social.
- Integrar e aplicar os contidos das materias curriculares nunha actividade onde se visibilicen.
- Despertar a curiosidade científica no noso alumando.
- Desenvolver a sensibilidade e coidado do medioambiente.
- Valorar o entorno cultural e artístico.
- Integrar ás familias nas actividades do centro en pro dunha maior eficacia na Educación Primaria.

Despois de desenvolver a fase de formación nos nosos centros, vimos aquí, ao Campus de Vigo para completar e poñer en práctica os coñecementos adquiridos amosando o noso nivel competencial nos distintos ámbitos do coñecemento.



## Descubriendo o Norte 2017-18



## Universidade de Vigo

Lugar de encontro: Plaza Miralles

16:15 horas



CEP SABARÍS / CEIP SÁRDOMA-MOLEDO

## Descubriendo o Norte 17 / 18

Alumnado de 6º de Primaria

### Oficina de Medio Ambiente



### O apaixonante mundo da CIENCIA



Julia Serra

Pío González

Verónica Montes

### As Carreiras de Orientación



CEP SABARÍS / CEIP SÁRDOMA

## Pío González Fernández



D. Pío González Fernández é catedrático de Física Aplicada na Universidade de Vigo. Con él aproximámonos ao mundo da Física a través de un obradoiro onde a enerxía eléctrica, os campos magnéticos, a enerxía cinética entre outros, serán os protagonistas.

Coordina o grupo de Novos Materiais. As principais liñas de investigación son os novos biomateriais, os nanorecubrimentos biocompatibles. Investiga tamén sobre técnicas máis precisas e menos invasivas de diagnóstico de tecidos vivos para a prevención e tratamento de patoloxías.



## Programa

9:20.....Saída en autobús cara o Campus Universitario

10:00: Conferencia "A Nanotecnoloxía".

Dra. D<sup>a</sup> Verónica Montes García

11:00 Itinerario OMA. Oficina Medio Ambiente da Universidade.

12:15 / 12:30 Merenda e descanso

12:30 Obradoiro Científico e presentación de biomateriais.

14:15 Comida no comedor de Enxeñería de Minas.

15:15 Tempo de lecer.

16:15 Explicación do desenvolvemento das carreiras de orientación.

16:30: Saída dos primeiros corredores.

18:00: (Aproximadamente) Remate da actividade

Se fai bo tempo hai un bo merendeiro no monte de Beade.



## Julia Serra Rodríguez



D<sup>a</sup> Julia Serra Rodríguez é Doutora en CC. Físicas pola Universidade de Barcelona e imparte esta materia no departamento de Física Aplicada. A súa paixón pola

ciencia desenvolvea no grupo de investigación de Novos Materiais, onde centra a súa actividade na enxeñería biomédica, concretamente, no desenvolvemento e caracterización de biomateriais para aplicacións biomédicas e a medicina rexenerativa.



## Verónica Montes García



D<sup>a</sup> Verónica Montes García, Doutora en Ciencia y Tecnoloxía Coloidal, que xoga un papel fundamental en sectores tan variados como alimentación, farmacia, cosmética, novos ma-

teriais, nanotecnoloxía...

A Dra Montes, axudaranos a descubrir o mundo da nanotecnoloxía e as súas aplicacións.

Actualmente forma parte do grupo investigador do Centro de Investigacións Biomédicas na Universidade de Vigo.